

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN  
MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA CATORCE DE XULLO DE  
DOUS MIL DEZASEIS: -----**

**PRESIDENTE:**

D. Gonzalo Gonzalo Pita

**CONCELLEIROS/AS:**

D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa  
D. José Daniel Fernández Piñeiro  
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez  
D. David Otero Domínguez  
D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agrasos  
D. Maximino González Miniño  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez  
D. Roberto Carlos Agís Balboa  
D. Telmo Martín González  
D. Juan Antonio Deza Otero  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez  
D. Rafael Domínguez Piñeiro  
D<sup>a</sup> María Deza Martínez  
D. Marcos Guisasola Padín  
D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández  
D. Alfonso Rea Pérez

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día catorce de xullo de dous mil dezaseis, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. GONZALO GONZALO PITA**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declarárase aberta a sesión.

**NON ASISTE:**

D. José Juan Vidal Vilanova(**INTERVENTOR**). -----

**SECRETARIO:**

D. Angel Luis López Pita.

**UNICO: PROPOSTA DA ALCALDIA PARA INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA E REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, DE DATA 09 DE XUÑO DE 2016, POLA QUE SE ACORDOU NON TRAMITAR O PROCEDEMENTO DE DESLINDE ENTRE OS TERMOS MUNICIPAIS DE O GROVE E SANXENXO.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do **11 de xullo de 2016** sobre esta proposta.

O Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que lle pareceu correcta a forma de afrontar este asunto cunha reunión previa da xunta de voceiros na que estiveron presentes os comuneros de Noalla, mostrándose todos de acordo en apoiar a proposta da alcaldía.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, puntualizou que neste tema meses antes non se buscou este consenso porque era facil facer política con este asunto, engadindo que a postura do seu grupo político era respectuosa e sensata no senso de esgotar a vía administrativa e que se resolva no consello da Xunta antes de acudir á vía xudicial.

O Sr. Martín González, aludiu a que remexer este asunto non conducía a nada e agora se debe mirar para adiante, estando todos os grupos do concello unidos. Por ultimo, o intervintente sinalou que era probable que o consello da xunta contestase o mesmo e que antes da vía xudicial o Sr. Alcalde podía buscar outras opcións, como a consulta ao Consello Consultivo.

O Sr. Otero Domínguez reiterou o seu apoio ao esgotamento da vía administrativa e recordou que na época na que o anterior intervintente era alcalde, se pediu informe que non era precisamente favorable e os antecedentes tamén contan, rematando para dicir que agora lle corresponde decidir sobre este asunto á Xunta de Galicia.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, indicou que estaba de acordo coa maneira coa que se tratou este asunto, con dialogo previo que debía ser un exemplo para solucionar outros temas no futuro.

O Sr. Alcalde agradeceu a todos os concelleiros a unanimidade en apoiar este tema e aludiu que cara ao futuro se actuaría paso a paso, sempre intentando buscar un consenso.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“”PRIMEIRO:** O Pleno do Concello de Sanxenxo acorda interpoñer o recurso de alzada, que a continuación se transcribe literalmente, ante o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracíóns Públicas e Xustiza da Xunta de Galiza contra a resolución do Director Xeral de Administración Local de 09 de xuño de 2016 pola que se acordou non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo:

## **RECURSO ALZADA**

Visto o **informe de secretaría do Concello de Sanxenxo do 05 de xullo de 2016** sobre a resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 09 de xuño de 2016, pola que acorda non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo, que a continuación se transcribe literalmente:

### **“RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE DATA 9 DE XUÑO DE 2016, RECAIDA NO PROCEDEMENTO DE DESLINDE ENTRE O GROVE E SANXENXO.**

#### **1º) NORMATIVA APLICABLE:**

- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LBRL).
- Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante LALG).
- Lei 30/92, do 26 de novembro, do Rèxime Xurídico das Admunistracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (en diante LRXA).
- Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa (en diante LXCA).
- Real Decreto 3.426/00, do 15 de decembro, polo que se regula o procedemento de deslinde de termos municipais pertencentes a distintas Comunidades Autónomas (en diante RDCA).

#### **2º) ANTECEDENTES:**

1º) Os documentos incluídos no expediente de deslinde entre Sanxenxo e O Grove, entre os que caben destacar os seguintes:

- Acordo do Pleno do Concello de Sanxenxo de data 26 de xaneiro de 2015, polo que se incoaba expediente para a realización dun novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove, designando membros da Comisión e dando traslado do mesmo ao Concello de O Grove.
- Acta de deslinde entre os concellos de Sanxenxo e O Grove, realizada o 8 de xuño de 2015, dentro do expediente incoado por acordo plenario do Concello de Sanxenxo de data 26 de xaneiro de 2015.
- Escrito do Concello de Sanxenxo de data 12 de xuño de 2015, polo que, de conformidade co artigo 44 da LALG, se remite a Dirección Xeral de Administración Local, que a recibiu o 18 de xuño de 2015, documentación, entre a que se encontra a acta descrita no parágrafo anterior, para que por ese organismo se proceda a tramitar un novo deslinde entre os concellos de Sanxenxo e O Grove.

2º) Resolución sobre o procedemento de deslinde entre O Grove e Sanxenxo (DT-2015-02) do director xeral de Administración Local (en diante resolución), de data 9 de xuño de 2016, rexistrada de entrada neste concello o 15 de xuño de 2016 co número 6214, pola que se acordou non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais do Grove e Sanxenxo polas causas expresadas no escrito, ofrecendo a posibilidade de interpoñer contra esta resolución Recurso de Alzada ante o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Admunistracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

#### **3º) ANÁLIXE XURÍDICO DA RESOLUCIÓN:**

Con carácter previo debe aclararse que este informe se limita ao análise da resolución, pero sen entrar no estudo da viabilidade dun novo deslinde entre estes dous termos municipais, que xa foi obxecto dun informe do asinante de data 14 de xaneiro de 2015, ao que me remito e que forma parte do expediente.

Ante a pretensión deste concello de que se procedese a tramitar un novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove e existindo discrepancias entre os dous concellos, como queda demostrado pola documentación aportada polo concello de O Grove ao expediente, a Dirección Xeral

de Administración Local tería que tramitar o correspondente expediente conforme ao sinalado no artigo 44 da LALG, que sinala o seguinte:

*“1. Cando existisen diverxencias entre os concellos implicados, en canto á maneira de aprecia-lo sitio por onde deba pasa-la liña divisoria ou no que deban colocarse fitos ou marcos, cada comisión levantarán acta por separado. Nela faranse constar tódolos datos, antecedentes e detalles que se estimen precisos para xustifica-la súa apreciación. Con esta actuación daranse por rematadas as actuacións previstas.*

*2. As alcaldías respectivas remitiranlle as actas, con tódolos demais antecedentes, á Consellería competente en materia de réxime local, que lle enviará o devandito expediente ó Instituto Xeográfico Nacional para que este designe técnico ou técnicos que deban presentarse sobre o terreo en unión das comisións sinaladas e dun representante desta Consellería, a fin de levar a cabo á vista e de conformidade cos documentos presentados, o deslinde dos termos municipais, establecendo a súa demarcación definitiva e os puntos onde deben situarse os correspondentes marcos.*

*3. Recibido o informe do Instituto Xeográfico Nacional, remitirase o expediente a informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial e da Deputación Provincial respectiva, e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local, logo do dictame do Consello Consultivo de Galicia.*

*4. Da fixación da correspondente liña límite daráselle coñecemento á Administración central do Estado, co obxecto da súa inscrpción no Rexistro Estatal de Entidades Locais, aínda que deberá inscribirse tamén no rexistro que leva a Xunta de Galicia.””*

Este concello cumpliu escrupulosamente o estipulado no artigo anteriormente transcritio, levantou a acta e a continuación, cos antecedentes que considerou necesario, a remitiu á Dirección Xeral de Administración Local, que debería proceder a continuar a tramitación polo procedimento sinalado no artigo mais arriba transcritio e, en cambio, decidiu non tramitar o procedimento de deslinde baseándose no art.6.2 do RDCA, que non é aplicable a este suposto, posto que os concellos de Sanxenxo e O Grove pertencen a mesma Comunidade Autónoma e o regulamento citado é para os termos municipais pertencentes a distintas Comunidades Autónomas, polo que a resolución pode ser nula de pleno dereito polo motivo citado no artigo 62.1 e) LRXA (actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedimento legalmente establecido, ao non seguir a tramitación fixada polo art.44 LALG) ou anulable, ao incorrer en infracción do ordenamento xurídico (art.63.1 LRXA), polos motivos citados neste parágrafo.

Ademais a notificación desta resolución ofrece a este concello a posibilidade de interpoñer Recurso de Alzada ante o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cando neste suposto están involucradas só administracións públicas e o art.44.1, parágrafo primeiro e 2 da LXCA, indican literalmente o seguinte:

*“1. Nos litixios entre Administracións Públicas non caberá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cando unha Administración interpoña recurso contencioso administrativo contra outra, poderá requirila previamente para que derogue a disposición, anule ou revoque o acto, faga cesar ou modifique a actuación material, ou inicie a actividade a que estea obrigada.*

*2. O requerimento deberá dirixirse ao órgano competente, mediante escrito razonado que concretará a disposición, acto, actuación ou inactividade, e deberá producirse no prazo de dous meses contados dende a publicación da norma ou dende que a Administración requirente coñesea ou houbese podido coñecer o acto, a ctuación ou inactividade.””*

Polo tanto, estando ante un litixio entre administracións, é aplicable o artigo mais arriba transcritio e o Concello de Sanxenxo, por entender que a mesma conculta a normativa, poderá requerir a Dirección Xeral de Administración Local que o anule.

#### **4º CONCLUSIÓN, ORGANO COMPETENTE E QUORUM:**

Polos motivos apuntados no anterior punto deste informe o Concello de Sanxenxo pode requisitar á Dirección Xeral de Administración Local a anulación da Resolución sobre o procedemento de deslinde entre O Grove e Sanxenxo (DT-2015-02), do director xeral de Administración Local do 9 de xuño de 2016, pola que se acordou non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais do Grove e Sanxenxo, no prazo de dous meses contado desde a notificación a este concello da mesma, período que finaliza o 16 de agosto de 2016, engadindo que, de conformidade co disposto no art.44.3 da LXCA, o requerimento entenderase rexeitado se dentro do mes seguinte a súa redacción, o requerido non o contestase, quedando a posibilidade entón de acudir a xurisdición contencioso-administrativa.

Independentemente da vía anterior, o Concello de Sanxenxo, ante o recurso ofrecido na notificación da resolución citada e polos mesmos motivos esgrimidos para o requerimento, pode, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación a este concello da mesma, período que finaliza o 16 de xullo de 2016, interpoñer Recurso de Alzada contra a resolución ante o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Por último e aínda que a notificación da resolución non o cite, o Concello de Sanxenxo pode interpoñer recurso contencioso administrativo contra a citada resolución ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación a este concello da mesma, período que finaliza o 16 de agosto de 2016, pero que ao ser o mes de agosto inhábil nesta xurisdición, finalizará o 16 de setembro de 2016.

Dado que a delimitación do termo municipal é unha competencia plenaria (art.22.2 b) da LBRL) e que tamén o é o exercizo de accións administrativas e xudiciais en materia de competencia plenaria (art.22.2 j) da LBRL), o acordo que no seu caso se adopte respecto de interpoñer recursos contra a resolución ou o requerimento da súa derogación corresponde ao Pleno, polo quórum de maioria simple. **Sanxenxo, 5 de xullo de 2016.”**

Visto o **informe xurídico** sobre o contido da acción a exercitar fronte a resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 09 de xuño de 2016, pola que acorda non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo, que a continuación se transcribe literalmente:

### **INFORME XURÍDICO SOBRE CONTIDO DA ACCIÓN A EXERCITAR FRONTE Á RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE 9 DE XUÑO DE 2016 POLA QUE SE ACORDA NON TRAMITAR O PROCEDEMENTO DE DESLINDE ENTRE OS TERMOS MUNICIPALES DE SANXENXO E O GROVE.**

#### **CONCELLO DE SANXENXO**

##### **CUESTIÓN PLANTEXADA:**

O obxecto do presente Informe Xurídico é o de determinar a fundamentación que, a xuízo deste Despacho Profesional debería resultar articulada polo Concello de Sanxenxo en impugnación da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016, pola que se acorda non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove.

##### **NORMATIVA APPLICABLE:**

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

##### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**I.-** O réxime de recursos que se establece na parte dispositiva da Resolución analizada é o da interposición de recurso de alzada, de conformidade ó establecido no art. 114.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen perxuízo do cal, no entendemento deste Despacho Profesional, ó atoparnos perante un conflicto entre Administracións Públicas e no cal todas actúan na súa condición de poder público, en termos como os contemplados en xurisprudencia do Tribunal Supremo como a representada entre outras, pola Sentencia de data de 30 de novembro de 2009 (Ponente Ilmo. Sr. D. Enrique Cancer Lalanne (RJ 2010/1858)), ou pola Sentencia de data de 28 de xuño de 2012 (Ponente Ilmo. Sr. D. José Antonio Montero Fernández (RJ 2012/7580)), en puridade, debería considerarse como única forma de impugnación da Resolución que nos ocupa na vía administrativa a da interposición de requerimento de anulación nos termos previstos no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, ó contemplarse no seu apartado 1º, que:

*“1 . En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante , cuando una Administración interponga recurso contencioso - administrativo contra otra , podrá requerirla previamente para que derogue la disposición , anule o revoque el acto , haga cesar o modifique la actuación material , o inicie la actividad a que esté obligada”.*

Considerándose que a acción a exercitar debe ser designada como recurso de alzada/requerimento de anulación e, debendo resultar interposta en todo caso, en garante da seguridade xurídica do Concello, tendo como data límite a do 15 de xullo de 2016, de modo tal que se efectuaría tanto dentro do prazo de 1 mes do art. 115.1 da Lei 30/1992, e co cal tamén se cumpliría o prazo establecido no art. 44.2 da Lei 29/1998, ó determinar prazo de 2 meses, por ter sido notificada a Resolución impugnada en data de 15 de xuño de 2016.

**II.-** Os fundamentos sobre o que se entende debería resultar motivado tal recurso de alzada/requerimento de anulación serían:

- a)**Nulidade de pleno dereito da Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016 por vulneración do procedemento a seguir para a resolución de expediente de deslinde de termos municipais, ó non resultar de aplicación as previsíons do art. 6.2 do Real Decreto 3426/2000, do 15 de decembro, polo que se regula o procedemento de deslinde de termos municipais pertencentes a distintas Comunidades Autónomas, e terse omitido a tramitación establecida no art. 44 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, non tendo sido solicitado emisión de Informe ó Instituto Xeográfico Nacional nos termos legalmente requeridos, nin Informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial, nin da Deputación Provincial nin ditame do Consello Consultivo.
- b)**Incompetencia da Dirección Xeral de Administración Local para a decisión relativa á finalización do expediente de deslinde incoado, determinante da nulidade de pleno dereito da Resolución de data de 9 de xuño de 2016, por ser o órgano competente o Consello da Xunta de Galicia, de conformidade ó establecido no 44.3 e art. 41.1 da Lei 5/1997.
- c)** Nulidade de pleno dereito da Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016 por concorrencia dos requisitos establecidos no art. 43 da Lei 5/1997 para o desenvolvemento de novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove en atención ó vicio procedemental existente na Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959 aprobatoria do deslinde entre o termo municipal de Sanxenxo e o de O Grove, a consecuencia do feito de terse partido en dito deslinde como documentos de referencia de deslindes non consentidos polo Concello de Sanxenxo e, tendo sido aportada documentación histórica na que se reflicten debidamente tales límites.

Téndose achegado por este Despacho profesional a ese Concello escrito de recurso de alzada/requerimento de anulación no que se desenvolven os precitados argumentos para análise en Comisión Informativa e aprobación Plenaria.

Resultando emitido o presente Informe Xurídico segundo o leal saber e entender de quenes o subsciben e, sen perxuizo doutros fundados en mellor dereito, En Vigo, a 7 de xullo de 2016.””

**O Pleno da Corporación interpón o recurso e alzada contra a resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 09 de xuño de 2016 pola que acorda non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove co seguinte texto literal:**

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** En data de 26 de xaneiro de 2015, o Pleno deste Concello adopta Acordo de incoación de expediente para a realización de novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove, así como de designación dos membros integrantes da Comisión Municipal de deslinde.

Resultando remitida comunicación a este respecto ó Concello de O Grove, instando deste o nomeamento de Comisión Municipal de deslinde e convocándoo para comparecencia para acto de deslindamento de ambos termos municipais.

**Segundo.-** Non existindo conformidade entre as Comisiós Municipais de deslinde con respecto da liña límite xurisdiccional entre ditos termos municipais, este Concello procedería a remitir á Dirección Xeral de Administración Local Acta de deslinde levantada pola Comisión Municipal de deslinde, solicitando a incoación de expediente de novo deslinde entre este termo municipal e do de O Grove.

Obrando na exposición de antecedentes fácticos da Resolución obxecto do presente recurso terse remitido por dita Dirección Xeral ó Instituto Xeográfico Nacional a documentación remitida por ambos Concellos, así como requerido ó Concello de O Grove a remisión de copia da Sentencia ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo en data de 17 de novembro de 1961 (non en data de 11 de novembro de 1969, como se refire na Resolución obxecto da presente impugnación) no seo do recurso contencioso-administrativo nº 2389 interposto por este Concello fronte á Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, sobre aprobación da liña límite xurisdiccional entre os termos municipais dos Concellos de Sanxenxo e O Grove.

**Terceiro.-** En data de 9 de xuño de 2016, o Director Xeral de Administración Local acorda non tramitar o procedemento de deslinde que nos ocupa, accionándose por este Concello fronte a dita Resolución na lexítima defensa dos seus dereitos e intereses, ó considerala desconforme a derecho.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Acción exercitada, competencia, lexitimación e prazo.**

O réxime de recursos que se establece na parte dispositiva da Resolución impugnada é o da interposición de recurso de alzada, de conformidade ó establecido no art. 114.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen perxuízo do cal, no entendemento desta parte, ó atoparnos perante un conflito entre Administracións Públicas e no cal todas actúan na súa condición de poder público, en termos como os contemplados en xurisprudencia do Tribunal Supremo como a representada entre outras, pola Sentencia de data de 30 de novembro de 2009 (Ponente Ilmo. Sr. D. Enrique Cancer Lalanne (RJ 2010/1858)), ou pola Sentencia de data de 28 de xuño de 2012 (Ponente Ilmo. Sr. D. José Antonio Montero Fernández (RJ 2012/7580)), en puridade, debería considerarse como única forma de impugnación da Resolución que nos ocupa na vía administrativa a da interposición de requerimento de anulación nos termos previstos no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, ó contemplarse no seu apartado 1º, que:

***“1 . En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante , cuando una Administración interponga recurso contencioso - administrativo contra otra , podrá requerirla previamente para que derogue la disposición , anule o revoque el acto , haga cesar o modifique la actuación material , o inicie la actividad a que esté obligada”.***

A competencia para o coñecemento do presente recurso de alzada corresponde á Administración á que nos diriximos nos termos que se derivan do art. 114.1 da Lei 30/1992 e art. 44.1 da Lei 29/1998.

Resultando lexitimado este Concello para a súa formulación nos termos que se derivan do art. 5 da Lei 7/1985 e, tendo sido adoptado Acordo Plenario con respecto do seu exercizo nos termos contemplados no art. 22.2.j) de dito texto legal e art. 64.2.l) da Lei 5/1997.

Resultando interposto en debido termo o presente recurso de alzada, tal e como se deriva das previsións do art. 115.1 da Lei 30/1992, no que se refire prazo de 1 mes e do art. 44.2 da Lei 29/1998, ó determinar prazo de 2 meses, por ter sido notificada a Resolución impugnada en data de 15 de xuño de 2016.

## **II.- Nulidade de pleno dereito da Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016 por vulneración do procedemento a seguir para a resolución de expediente de deslinde de termos municipais.**

Tal e como se contempla na Resolución impugnada, a tramitación seguida por parte da Dirección Xeral de Administración Local desa Consellería, unha vez incoado expediente de deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove a instancia deste Concello, ten consistido na remisión da documentación aportada por ditos Concellos ó Instituto Xeográfico Nacional “ós efectos de determinar se a delimitación entre ambos termos municipais estaba fixada de forma oficial e definitiva”, sendo o determinado por dito Organismo que “A nuestro juicio, y según la referida documentación obrante en el IGN, el deslinde de los términos municipales de

*Sanxenxo y O Grove ya fue efectuado en 1959 y quedó formalmente establecido con la salvedad de que este Instituto desconoce el sentido de la sentencia del Tribunal Supremo que viniera a resolver el recurso al que se refieren las alegaciones del Ayuntamiento de Sanxenxo”.*

Tras o cal, se requiría, curiosamente ó Concello de O Grove, cando o municipio que solicitou a incoación do expediente que nos ocupa, sería este Concello de Sanxenxo, a remisión de copia da precitada Sentencia ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo en data de 17 de novembro de 1961, que na súa parte dispositiva, determina:

*“Que desestimando las alegaciones de nulidad y caducidad del recurrente y del tercero, respectivamente, y entrando a resolver sobre el fondo del asunto, debemos confirmar la Orden del Ministerio de a Gobernación de treinta y uno de julio de mil novecientos cincuenta y nueve sobre aprobación del límite jurisdiccional entre los municipios de El Grove y Sangenjo por estar extendidas conforme a derecho; sin hacer expresa imposición de costas”.*

Sendo o seguinte trámite desenvolto en dito procedemento o do ditame da Resolución obxecto de impugnación, a medio da cal se acorda “*non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais do Grove e de Sanxenxo*”, con remisión como fundamentación, en primeiro lugar, ás previsións do art. 6.2 do Real Decreto 3426/2000, do 15 de decembro, polo que se regula o procedemento de deslinde de termos municipais pertencentes a distintas Comunidades Autónomas, no cal se contempla:

*“2. La Dirección General para la Administración Local, dentro de los diez días siguientes, remitirá copia de la documentación al Instituto Geográfico Nacional para que emita informe en el plazo de quince días sobre si están delimitados los términos de los respectivos municipios. Si el informe indicase que tal delimitación ya se ha efectuado y está formalmente aprobada por cualquier procedimiento legal, la Dirección General para la Administración Local, sin más trámite, acordará el archivo del expediente, notificándolo a los Ayuntamientos afectados, **salvo los supuestos excepcionales previstos en el apartado primero del artículo 7”.***

Interesando sinalar, resultar o ámbito de aplicación de dita norma, tal e como se deriva do seu art. 1, a:

*“Los procedimientos establecidos en el presente Real Decreto serán de aplicación a los **deslindes de términos municipales pertenecientes a diferentes Comunidades Autónomas, en cuanto a la línea intercomunitaria que les es común**”.*

E, polo tanto, non a deslindes entre termos municipais dunha mesma Comunidade Autónoma como o que nos ocupa, os cales teñen a súa propia regulación no Capítulo II do Título I do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais e, na nosa Comunidade Autónoma, na Sección 2ª do Capítulo I do Título I da Lei 5/1997.

Ó cal engadir, que, en todo caso, as previsións que no precepto supra transcrto se contemplan con respecto do arquivo do expediente no caso de que o Instituto Xeográfico Nacional determina ter sido efectuada tal delimitación intercomunitaria con anterioridade, ó son “*salvo los supuestos excepcionales previstos en el apartado primero del artículo 7*”, sendo o contemplado en dito precepto:

*“1. Cuando los Ayuntamientos interesados estén conformes con los límites existentes en la actualidad, o que se fijen en el futuro, cualquiera que sea la fecha de las actas en que hubieran quedado establecidos, no procederá nueva fijación, salvo casos excepcionales, en que documentalmente se justifiquen de forma fehaciente errores materiales o vicios del procedimiento en la delimitación”.*

Fundaméntandose precisamente en tal existencia de vicio procedemental na tramitación do procedemento de deslinde que finalizaría coa aprobación da Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, sobre aprobación da liña límite xurisdiccional entre os termos municipais dos Concellos de Sanxenxo e O Grove a solicitude de iniciación de deslinde formulada por este Concello, e non, como se determina na Resolución impugnada, sobre a base de erro material (resultando obxecto de análise a fundamentación substantiva de dita solicitude no fundamento xurídico IV do presente recurso de alzada/requerimento de anulación).

En consecuencia, aínda resultando evidente a inaplicación das previsións do Real Decreto 3426/2000 ó expediente que nos ocupa, as previsións do seu art. 6.2 e art. 7.1 anteriormente transcritos, determinarían a inviabilidade de poder derivar de Informe emitido polo Instituto Xeográfico Nacional como o que se transcribe parcialmente na Resolución impugnada o arquivo do expediente, ó resultar éste fundamentado en xustificado vicio procedemental (non en erro material como se refire en dita Resolución), derivando en que o Informe a emitir por parte do Instituto Xeográfico Nacional conte co alcance que seguidamente se referirá (non limitándose de modo exclusivo con respecto da manifestación da existencia de deslinde firme).

Resultando o procedemento que se debería ter seguido en todo caso, o previsto no art. 44 da Lei 5/1997, no que se determina:

*“1. Cuando existiesen divergencias entre los ayuntamientos implicados, en cuanto a la manera de apreciar el sitio por donde deba pasar la línea divisoria o en el que deban colocarse hitos o mojones, cada comisión levantará acta por separado. En ella se harán constar todos los datos, antecedentes y detalles que se estimen precisos para justificar su apreciación. Con esta actuación se darán por finalizadas las actuaciones previas.*

*2. Las alcaldías respectivas remitirán las actas, con todos los demás antecedentes, a la Consellería competente en materia de régimen local, que enviará dicho expediente al Instituto Geográfico Nacional para que éste designe técnico o técnicos que deban personarse sobre el terreno en unión de las comisiones señaladas y de un representante de esta Consellería, a fin de llevar a cabo, a la vista y de conformidad con los documentos*

*aportados, el deslinde de los términos municipales, estableciendo su demarcación definitiva y los puntos donde deben situarse los correspondientes mojones.*

**3. Recibido el informe del Instituto Geográfico Nacional, se remitirá el expediente a informe de la Comisión Gallega de Delimitación Territorial y de la Diputación Provincial respectiva, y será resuelto por el Consello de la Xunta de Galicia, a propuesta del conselleiro competente en materia de régimen local, previo dictamen del Consejo Consultivo de Galicia”.**

Resultando análogas as previsións do art. 18 do Real Decreto 1690/1986, ó contemplar:

*“1. Cuando existan divergencias entre los Ayuntamientos respectivos en cuanto a la manera de apreciar el sitio por donde debe pasar la línea divisoria o en el que hayan de colocarse los hitos o mojones, cada Comisión levantará acta por separado, en la que hará constar todos los datos, antecedentes y detalles que estime necesarios para justificar su apreciación y, con esto, se dará por terminado el acto.*

**2. Las Alcaldías respectivas remitirán las actas, con los demás antecedentes, a la Comunidad Autónoma correspondiente, quien enviará el expediente al Instituto Geográfico Nacional para que designe el Ingeniero o Ingenieros que deban personarse sobre el terreno en unión de las antedichas Comisiones, a fin de llevar a cabo, en vista y de conformidad con los documentos indicados, el deslinde de los términos municipales correspondientes”.**

Así como as do seu art. 24, no que se refire:

*“Las cuestiones que se susciten entre municipios sobre el deslinde de sus términos municipales serán resueltas por la correspondiente Comunidad Autónoma, previo informe del Instituto Geográfico Nacional y dictamen del Consejo de Estado o del órgano consultivo superior del Consejo de Gobierno de aquélla, si existiera”.*

Resultando esixida, en consecuencia, a emisión de Informe por parte do Instituto Xeográfico Nacional con respecto da concreta delimitación no terreo do límite dos termos municipais de que se trate, partindo das propostas efectuadas polas Comisións de deslinde (e, non simplemente Informe relativo á existencia de deslindes anteriores nos termos solicitados pola Dirección Xeral de Administración Local no seo do expediente que nos ocupa), tras o cal o expediente debe ser sometido a informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial e da Deputación Provincial que corresponda, tras o cal se debe recabar o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Polo cal, en modo algúñ pode procederse, nos termos efectuados por parte da Dirección Xeral de Administración Local á decisión final con respecto do expediente de deslinde que nos ocupa, téndose omitido a totalidade da tramitación procedemental esixida legalmente, na cal se contempla a emisión de Informes por diversos órganos

que resultan de carácter preceptivo; o cal deriva nun palmario vicio de nulidade de pleno dereito de conformidade ó establecido no art. 62.1.e) da Lei 30/1992.

Téndose pronunciado a este respecto a xurisprudencia en termos como os contemplados pola Sentencia do Tribunal Supremo de data de 18 de maio de 1987 (Ponente Excmo. Sr. D. Antonio Bruguera Manté (RJ 1987/5525)) na que se sinala que:

*“Una muy reiterada jurisprudencia de este Tribunal tiene establecida la doctrina de que al tenor de lo preceptuado en el artículo 53.5 en relación con el 48.2 de la Ley de Procedimiento Administrativo ( RCL 1958\1259, 1469, 1504; RCL 1959\585 y NDL 24708), la omisión de un informe preceptivo, por su naturaleza de trámite esencial que incluso afecta al Orden Público, determina la anulación del procedimiento administrativo y su reposición al momento oportuno para que pueda suplirse la falta emitiendo el informe - Sentencias de esta Sala de 30 de abril de 1984 ( RJ 1984\4590), 29 de septiembre, 5 octubre, 12 y 17 de noviembre de 1981 ( RJ 1981\3854, RJ 1981\4062, RJ 1981\5060 y RJ 1981\5151), 31 de diciembre de 1980 ( RJ 1980\4659), 26 de mayo de 1977 ( RJ 1977\3326), 17 de mayo de 1973 ( RJ 1973\2573) y 14 de noviembre de 1969 ( RJ 1969\5366) entre otras-; por lo que estando en el presente caso plenamente acreditado e incluso reconocido expresamente en la misma Resolución recurrida, que no se recabó para esta obra el repetido informe preceptivo al Consejo General del País Vasco, requisito procedural insubsanable conforme al artículo 53.5 de la Ley de Procedimiento Administrativo, procederá estimar desde luego el presente recurso jurisdiccional, anular los Acuerdos del Consejo de Ministros impugnados y ordenar que se reponga el expediente administrativo al trámite omitido”.*

Así como a de data de 25 de febreiro de 1981 (Ponente Excmo. Sr. D. Enrique Medina Balmaseda (RJ 1981/687)), na que se expón:

*“la omisión de tal informe preceptivo ocasiona la anulabilidad del procedimiento, al privarse al acto de su requisito formal indispensable para alcanzar su fin, sometido como está a lo previsto en los arts. 84, 85, 53 núm. 5 y 48 núm. 2, de la Ley de Procedimiento Administrativo ( RCL 1958\1258, 1469, 1504; RCL 1959\585 y NDL 24708), debiendo por ello retrotraerse lo actuado al momento de la prestación del omitido informe, a fin de que a su vista pueda dictarse la resolución que proceda, la cual dará lugar a un nuevo acto administrativo susceptible también del correspondiente recurso jurisdiccional”.*

Ou a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana de data de 30 de outubro de 1996 (Ponente Ilmo. Sr. D. Enrique de Miguel Canuto (RJCA 1996/2354)), na que se determina:

*“Por todo ello, y en cuanto se ha prescindido de un trámite esencial, según reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo, la Administración ha incurrido en nulidad de pleno derecho por falta de seguimiento del procedimiento legalmente establecido [art. 62.1, e) de la LRJ-PAC de 1992 ( RCL 1992\2512, 2775 y RCL 1993\246)], debiendo retrotraerse las*

***actuaciones administrativas al momento en que debió oírse al Consejo de Estado, conforme al art. 22 núm. 9 de su Ley Orgánica, para que su Comisión Permanente emitá el dictamen correspondiente”.***

### **III.- Incompetencia da Dirección Xeral de Administración Local para a decisión relativa á finalización do expediente de deslinde incoado determinante da nulidade de pleno dereito da Resolución de data de 9 de xuño de 2016.**

A medio da Resolución obxecto de impugnación, tras a anteriormente analizada remisión ás previsións do Real Decreto 3426/2000 e análise da interpretación do alcance dos erros materiais a que se refire o art. 43 da Lei 5/1997, cando, tal e como se sinalou e, como seguidamente se desenvolverá, a solicitude deste Concello se vencella á existencia de vicio procedemental no expediente de deslinde rematado por Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, en atención ó feito de terse partido como documentos de referencia de deslindes non consentidos polo Concello de Sanxenxo, a Dirección Xeral de Administración Local acorda “*non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo*”, adoptando, en consecuencia, Resolución finalizadora do expediente de deslinde de termos municipais incoado a solicitude deste Concello, con absoluta omisión do procedemento legalmente establecido e arrogándose competencias que non lle corresponden.

Sendo claras as previsións do art. 20.3.n) do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estructura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ó determinar:

***“3. En particular, son competencias de la Dirección General de Administración Local:***

***n) La tramitación de los expedientes de alteración y deslinde de términos municipales; la tramitación de los expedientes sujetos a intervención autonómica en materia de patrimonio de las entidades locales y la tramitación de los expedientes de solicitud de disolución de los órganos de las corporaciones locales y de consultas populares en asuntos de competencia municipal”.***

Atribuindo, polo tanto, de modo exclusivo, competencias para a tramitación dos expedientes de deslinde pero non para a súa resolución, tal e como resulta lóxico ó ser o competente a tal respecto o Consello da Xunta de Galicia, tal e como se deriva das previsións do art. 44.3 da Lei 5/1997, no que se refire:

***“3. Recibido el informe del Instituto Geográfico Nacional, se remitirá el expediente a informe de la Comisión Gallega de Delimitación Territorial y de la Diputación Provincial respectiva, y será resuelto por el Consello de la Xunta de Galicia, a propuesta del conselleiro competente en materia de régimen local, previo dictamen del Consejo Consultivo de Galicia”.***

E art. 41.1 de dito texto legal, ó sinalar:

***“1. Los conflictos que puedan plantearse entre municipios en relación con la demarcación y deslinde de sus términos serán resueltos por el Consello***

*de la Xunta de Galicia, a propuesta del conselleiro competente en materia de régimen local y previo informe de la Comisión Gallega de Delimitación Territorial”.*

Sendo claras a este respecto as previsións do art. 12.1 da Lei 30/1992, no que se manifesta:

**“1 . La competencia es irrenunciable y se ejercerá precisamente por los órganos administrativos que la tengan atribuida como propia , salvo los casos de delegación o avocación , cuando se efectúen en los términos previstos en ésta u otras leyes”.**

Resultando outra manifestación da nulidade de pleno dereito que vicia a Resolución obxecto do presente recurso de alzada/requerimento de anulación, por ter sido adoptada por órgano manifestamente incompetente pola materia, nos termos que se derivan do art. 62.1.b) da Lei 30/1992.

Tal e como se reflicte en xurisprudencia como a representada, entre outras pola Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de data de 3 de febreiro de 2003 (Ponente Ilmo. Sr. D. Rafael Toledano Cantero (JUR 2003/121971)), na que se sinala:

*“Estimamos el recurso de apelación interpuesto por la representación procesal de la entidad mercantil ZANAKU S.L. contra la sentencia número 199/2002, de 3 de julio, dictada en el recurso contencioso-administrativo número 457/2001 del Juzgado de lo Contencioso- administrativo número dos de Granada, por la que se declara inadmisible el recurso contencioso- administrativo, revocando dicha sentencia. Estimamos parcialmente el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la entidad mercantil ZANAKU S.L. contra la resolución del Jefe de la Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social de Granada, de fecha 4 de septiembre de 2001, por la que se comunica a la entidad mercantil Zanaku S.L. la improcedencia de la revisión solicitada por la misma el 3 de agosto de 2001 respecto a la resolución sancionadora de 20 de diciembre de 2000 dictada por dicho órgano en el expediente 2000/I20001068 Extranjeros de los tramitados por esa dependencia, por la que se impuso sanción de multa de 500.100 ptas a la entidad mercantil Zanaku S.L. por infracción a la ley de Infracciones y Sanciones en el Orden social. Declaramos nula de pleno derecho la resolución del Jefe de la Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social de Granada, de fecha 4 de septiembre de 2001, por la que se comunica a la entidad mercantil Zanaku S.L. la improcedencia de la revisión solicitada por la misma el 3 de agosto de 2001, y ordenamos a dicho órgano la elevación de la solicitud al órgano administrativo competente para resolver sobre la misma”.*

Ou a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de data de 26 de xullo de 2006 (Ponente Ilma. Sra. Dna. Inés Huerta Garicano (RJCA 2007/374)), na que se contempla:

*“El actor formuló en sede administrativa una reclamación de responsabilidad patrimonial -con independencia y al margen de su prosperidad- por inactividad de la Administración en orden al mandato de desarrollo*

*reglamentario, en el plazo de seis meses, establecido en la Adicional Decimoctava de la Ley 55/99, cuya resolución correspondía -«ex» art. 142.2 de la Ley 30/92 ( RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246) -al titular del Departamento ministerial al que dirigió la reclamación, o, en su caso, al Consejo de Ministros, correspondiendo al Departamento ante el que se presentó la reclamación remitirlo al órgano competente. En el caso de autos, fue la Subdirección General de Recursos del MTAS (confirmada su decisión por la Secretaría General Técnica) la que, en definitiva, desestimó esa reclamación - con una profusa argumentación al resolver la alzada-, incurriendo en **manifesta incompetencia objetiva, además de funcional, no subsanada en la alzada, por lo que concurre la causa de nulidad de pleno derecho de las Resoluciones recurridas establecida en el art. 62.1.b) de la Ley 30/92, y, sin entrar en el fondo del recurso, procede declarar su nulidad de pleno derecho, con retroacción de actuaciones para que, previa la instrucción del oportuno expediente, sea resuelto por órgano competente”.***

#### **IV.- Nulidade de pleno dereito da Resolución impugnada por concorrencia dos requisitos establecidos no art. 43 da Lei 5/1997 para o desenvolvemento de novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove.**

Sen perxizo de que, en atención ó exposto nos anteriores fundamentos xurídicos, deberá derivarse, en estimación do presente recurso, a declaración da nulidade de pleno dereito da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016, polos mencionados vicios de tramitación procedemental e incompetencia material, ó resultar incorporada en dita Resolución argumentación relativa á invariabilidade dos deslindes de termos municipais e considerar desconforme a dereito a solicitude efectuada por este Concello en atención a que “*basea a petición de revisión na interpretación dos feitos materiais, en concreto a situación dun determinado fito físico*”, transcribindo unha Sentencia relativa á aplicación do erro material en relación con deslindes de termos municipais aprobados, debe porse de manifesto a incorrección do encaixe efectuado por parte de dita Dirección Xeral da solicitude formulada por este Concello nos supostos nos que se pode proceder a nova delimitación dos límites xurisdiccionais entre municipios de conformidade ó establecido no art. 43 da Lei 5/1997 (sendo idénticas as previsións do art. 19 do Real Decreto 1690/1986), no que se prevé:

***“Cuando los ayuntamientos interesados estén conformes con los límites existentes en la actualidad no procederá nueva fijación, salvo en los casos excepcionales en que documentalmente se justifiquen errores materiales o vicios de procedimiento en la delimitación anterior”.***

Por non ser o defendido, como se pretende na Resolución impugnada, a existencia de erro material no deslinde aprobado por Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, se non, pola contra, de vicio de procedemento a consecuencia do feito de terse partido en dito deslinde como documentos de referencia de deslindes non consentidos polo Concello de Sanxenxo e, tendo sido aportada documentación histórica na que se reflicten debidamente tales límites.

Resultando clara a este respecto xurisprudencia do Tribunal Supremo como a representada, entre outras, por Sentencia de data de 9 de decembro de 2013 (Ponente Ilmo. Sr. D. José Manuel Bandrés Sánchez Cruzat (RJ 2014/237)), na que se determina que:

*“(...) ante la inexistencia de documentos comprensivos de deslindes anteriores practicados de conformidad con los municipios, debió tener en cuenta aquellos otros documentos que, aún no siendo de deslindes, expresan de modo preciso la situación de los terrenos litigiosos que sean reveladores del ejercicio de actos de jurisdicción o de potestad administrativa por alguno de los Ayuntamientos concernidos, o, en su defecto, aquellos documentos sobre las fincas o heredades que se encuentran enclavadas en dichos terrenos y demás pruebas que contribuyan a formar juicio sobre la cuestión planteada”.*

Ou na Sentencia de data de 1 de xullo de 2008 (Ponente Ilmo. Sr. D. José Manuel Bandrés Sánchez Cruzat (RJ 2008/3402)), ó referir que:

*“a los efectos de acordar el deslinde de los términos municipales de Somiedo (Asturias) y Cabrillanes (León) en el tramo comprendido entre los mojones 4 al 8, al apreciar el valor determinante en la resolución del conflicto jurisdiccional de la Real Ejecutoria de 1788, en la medida en que reconoce que se trata del deslinde anterior más antiguo practicado de conformidad con los municipios afectados, lo que promueve que no deba tenerse en cuenta ni el Acta de delimitación interprovincial entre Asturias y León de 18 de julio de 1883, por ser posterior y no haberse celebrado con avenencia de los Ayuntamientos interesados, al no comparecer la parte de León, ni el Acuerdo de la Diputación de Oviedo de 11 de octubre de 1878, la Real Orden de 23 de diciembre de 1881 y la Real Orden de 21 de noviembre de 1882, por no ser propiamente actos de deslinde (...).*

*“para resolver los expedientes de deslinde, ha de basarse, en primer lugar, en lo que resulte de deslindes anteriores practicados de conformidad con los municipios interesados y sólo a falta de documentos expresivos de deslindes anteriores, deberán tenerse en cuenta aquellos otros documentos que, aun no siendo de deslinde, indiquen o reflejen de modo preciso la situación de los terrenos en cuestión, así como por último, los que se refieran a fincas o heredades que se encuentren enclavadas en el terreno litigioso y las demás pruebas que contribuyan a formar juicio sobre la cuestión planteada y de los que pueda deducirse con certeza a cuál de las partes favorece la posesión de hecho (...).*

*“La [Sentencia del Tribunal Supremo de 8 de abril de 1967 \(RJ 1967, 1941\)](#) dice expresivamente, al respecto, “que las Reales Ordenes de 11 de mayo de 1898 y 4 de enero de 1906 habían reconocido ya que era jurisprudencia constante que los deslindes consignados en un documento público no pueden modificarse por un nuevo deslinde que carecería de finalidad y que no pueden suscitarse cuestiones sobre límites jurisdiccionales en pueblos limítrofes cuando dichos límites hayan sido fijados y reconocidos de común acuerdo*

*entre los representantes de los pueblos interesados, lo que reiteraron las Sentencias del Tribunal Supremo de 26 de abril, 30 de mayo y 13 de diciembre de 1930 y de 7 de marzo de 1932 ", estableciendo la doctrina de que, en materia de deslindes de términos municipales, hay que estar "en primer término a la línea que resulta de deslindes anteriores consentidos por los Ayuntamientos interesados", añadiendo que "los acuerdos administrativos firmes no caducan por el transcurso del tiempo".*

Partíndose por este Concello da precitada xurisprudencia na que se sinala a obrigatoriedade de seguir as previsões dos deslindes anteriormente desenvoltos (neste caso os reflectidos en Acta de 31 de outubro de 1889 e Acta do 23 de xuño de 1928), sempre e cando resultasen consentidos por ambas partes, o cal non acontece no suposto no que nos atopamos, ó non terse prestado consentimento por parte do Concello de Sanxenxo a tales deslindes do que se deriva a concorrenza dun vicio procedural no citado expediente de deslinde rematado por Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, en atención ó feito de terse partido como documentos de referencia de deslindes non consentidos polo Concello de Sanxenxo, tendo sido aportado Informe Técnico elaborado por "Lagares OCA, S.L." no que se documenta debidamente o límite histórico entre os Concellos de Sanxenxo e O Grove (nos termos da citada xurisprudencia "*documentos que, aun no siendo de deslinde, indiquen o reflejen de modo preciso la situación de los terrenos en cuestión, así como por último, los que se refieran a fincas o heredades que se encuentren enclavadas en el terreno litigioso*"), do cal se deriva o encaixe da solicitude efectuada por este municipio nun dos supostos que, de conformidade ó establecido no art. 43 da Lei 5/1997 e art. 19 do Real Decreto 1690/1986, en contra do determinado na Resolución impugnada, extremo éste que debe ser debidamente analizado por parte dos organismos informantes referidos no fundamento xurídico II do presente e debidamente resolto polo Consello da Xunta de Galicia, como se contempla no fundamento xurídico III.

Polo exposto,

**O Pleno da Corporación SOLICITA**, que tendo por presentado este escrito en debido termo, sírvase en admitilo, tendo por interposto **RECURSO DE ALZADA** fronte á Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016 ditada no seo do expediente DT-2015-02, e, de conformidade ó exposto no seu corpo, proceda á súa estimación, declarando a nulidade de pleno dereito de dita Resolución, como corresponde de conformidade a dereito.

**SEGUNDO:** O Pleno do Concello de Sanxenxo acorda requirir á Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galiza a anulación da resolución do Director Xeral de Administración Local de 09 de xuño de 2016, pola que se acordou non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo, co seguinte texto no que se inclúe a motivación do requerimento:

## **REQUIRIMIENTO DE ANULACIÓN**

Visto o **informe de secretaría do Concello de Sanxenxo do 05 de xullo de 2016** sobre a resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 09 de xuño de 2016 pola que acorda non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo que a continuación se transcribe literalmente:

**“RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE DATA 9 DE XUÑO DE 2016, RECAIDA NO PROCEDEMENTO DE DESLINDE ENTRE O GROVE E SANXENXO.**

**1º) NORMATIVA APLICABLE:**

- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LBRL).
- Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante LALG).
- Lei 30/92, do 26 de novembro, do Rèxime Xurídico das Admunistracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (en diante LRXA).
- Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa (en diante LXCA).
- Real Decreto 3.426/00, do 15 de decembro, polo que se regula o procedemento de deslinde de termos municipais pertencentes a distintas Comunidades Autónomas (en diante RDCA).

**2º) ANTECEDENTES:**

1º) Os documentos incluídos no expediente de deslinde entre Sanxenxo e O Grove, entre os que caben destacar os seguintes:

- Acordo do Pleno do Concello de Sanxenxo de data 26 de xaneiro de 2015, polo que se incoaba expediente para a realización dun novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove, designando membros da Comisión e dando traslado do mesmo ao Concello de O Grove.
  - Acta de deslinde entre os concellos de Sanxenxo e O Grove, realizada o 8 de xuño de 2015, dentro do expediente incoado por acordo plenario do Concello de Sanxenxo de data 26 de xaneiro de 2015.
  - Escrito do Concello de Sanxenxo de data 12 de xuño de 2015, polo que, de conformidade co artigo 44 da LALG, se remite a Dirección Xeral de Administración Local, que a recibiu o 18 de xuño de 2015, documentación, entre a que se encontra a acta descrita no parágrafo anterior, para que por ese organismo se proceda a tramitar un novo deslinde entre os concellos de Sanxenxo e O Grove.
- 2º) Resolución sobre o procedemento de deslinde entre O Grove e Sanxenxo (DT-2015-02) do director xeral de Administración Local (en diante resolución), de data 9 de xuño de 2016, rexistrada de entrada neste concello o 15 de xuño de 2016 co número 6214, pola que se acordou non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais do Grove e Sanxenxo polas causas expresadas no escrito, ofrecendo a posibilidade de interpoñer contra esta resolución Recurso de Alzada ante o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Admunistracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

**3º) ANÁLIXE XURÍDICO DA RESOLUCIÓN:**

Con carácter previo debe aclararse que este informe se limita ao análise da resolución, pero sen entrar no estudo da viabilidade dun novo deslinde entre estes dous termos municipais, que xa foi obxecto dun informe do asinante de data 14 de xaneiro de 2015, ao que me remito e que forma parte do expediente.

Ante a pretensión deste concello de que se procedese a tramitar un novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove e existindo discrepancias entre os dous concellos, como queda demostrado pola documentación aportada polo concello de O Grove ao expediente, a Dirección Xeral de Administración Local tería que tramitar o correspondente expediente conforme ao sinalado no artigo 44 da LALG, que sinala o seguinte:

*“1. Cando existisen diverxencias entre os concellos implicados, en canto á maneira de aprecia-lo sitio por onde deba pasa-la liña divisoria ou no que deban colocarse fitos ou marcos, cada comisión levantarán acta por separado. Nela faranse constar tódolos datos, antecedentes e detalles que se estimen precisos para xustifica-la súa apreciación. Con esta actuación daranse por rematadas as actuacións previstas.*

*2. As alcaldías respectivas remitiranlle as actas, con tódolos demais antecedentes, á Consellería competente en materia de réxime local, que lle enviará o devandito expediente ó Instituto Xeográfico Nacional para que este designe técnico ou técnicos que deban presentarse sobre o terreo en unión das comisións sinaladas e dun representante desta Consellería, a fin de levar a cabo á vista e de conformidade cos documentos presentados, o deslinde dos termos municipais, establecendo a súa demarcación definitiva e os puntos onde deben situarse os correspondentes marcos.*

*3. Recibido o informe do Instituto Xeográfico Nacional, remitirase o expediente a informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial e da Deputación Provincial respectiva, e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local, logo do dictame do Consello Consultivo de Galicia.*

*4. Da fíxación da correspondente liña límite daráselle coñecemento á Administración central do Estado, co obxecto da súa inscrpción no Rexistro Estatal de Entidades Locais, áinda que deberá inscribirse tamén no rexistro que leva a Xunta de Galicia.””*

Este concello cumpliu escrupulosamente o estipulado no artigo anteriormente transcritio, levantou a acta e a continuación, cos antecedentes que considerou necesario, a remitiu á Dirección Xeral de Administración Local, que debería proceder a continuar a tramitación polo procedimento sinalado no artigo mais arriba transcritio e, en cambio, decidiu non tramitar o procedimento de deslinde baseándose no art.6.2 do RDCA, que non é aplicable a este suposto, posto que os concellos de Sanxenxo e O Grove pertencen a mesma Comunidade Autónoma e o regulamento citado é para os termos municipais pertencentes a distintas Comunidades Autónomas, polo que a resolución pode ser nula de pleno dereito polo motivo citado no artigo 62.1 e) LRXA (actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedimento legalmente establecido, ao non seguir a tramitación fixada polo art.44 LALG) ou anulable, ao incorrer en infracción do ordenamento xurídico (art.63.1 LRXA), polos motivos citados neste parágrafo.

Ademais a notificación desta resolución ofrece a este concello a posibilidade de interpoñer Recurso de Alzada ante o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cando neste suposto están involucradas só administracións públicas e o art.44.1, parágrafo primeiro e 2 da LXCA, indican literalmente o seguinte:

*“1. Nos litixios entre Administracións Públicas non caberá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cando unha Administración interpoña recurso contencioso administrativo contra outra, poderá requirila previamente para que derogue a disposición, anule ou revoque o acto, faga cesar ou modifique a actuación material, ou inicie a actividade a que estea obrigada.*

*2. O requerimento deberá dirixirse ao órgano competente, mediante escrito razonado que concretará a disposición, acto, actuación ou inactividade, e deberá producirse no prazo de dous meses contados dende a publicación da norma ou dende que a Administración requirente coñaza ou houbese podido coñecer o acto, a actuación ou inactividade.””*

Polo tanto, estando ante un litixio entre administracións, é aplicable o artigo mais arriba transcritio e o Concello de Sanxenxo, por entender que a mesma conculta a normativa, poderá requerir a Dirección Xeral de Administración Local que o anule.

#### **4º CONCLUSIÓN, ORGANO COMPETENTE E QUORUM:**

Polos motivos apuntados no anterior punto deste informe o Concello de Sanxenxo pode requerir á

Dirección Xeral de Administración Local a anulación da Resolución sobre o procedemento de deslinde entre O Grove e Sanxenxo (DT-2015-02), do director xeral de Administración Local do 9 de xuño de 2016, pola que se acordou non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais do Grove e Sanxenxo, no prazo de dous meses contado dende a notificación a este concello da mesma, período que finaliza o 16 de agosto de 2016, engadindo que, de conformidade co disposto no art.44.3 da LXCA, o requerimento entenderase rexeitado se dentro do mes seguinte a súa redcepcción, o requerido non o contestase, quedando a posibilidade entón de acudir a xurisdición contencioso-administrativa.

Independentemente da vía anterior, o Concello de Sanxenxo, ante o recurso ofrecido na notificación da resolución citada e polos mesmos motivos esgrimidos para o requerimento, pode, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación a este concello da mesma, período que finaliza o 16 de xullo de 2016, interpoñer Recurso de Alzada contra a resolución ante o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Por último e áinda que a notificación da resolución non o cite, o Concello de Sanxenxo pode interpoñer recurso contencioso administrativo contra a citada resolución ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación a este concello da mesma, período que finaliza o 16 de agosto de 2016, pero que ao ser o mes de agosto inhábil nesta xurisdición, finalizará o 16 de setembro de 2016.

Dado que a delimitación do termo municipal é unha competencia plenaria (art.22.2 b) da LBRL) e que tamén o é o exercizo de accións administrativas e xudiciais en materia de competencia plenaria (art.22.2 j) da LBRL), o acordo que no seu caso se adopte respecto de interpoñer recursos contra a resolución ou o requerimento da súa derogación corresponde ao Pleno, polo quórum de maioria simple. **Sanxenxo, 5 de xullo de 2016.”**

Visto o **informe xurídico** sobre o contido da acción a exercitar fronte a resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 09 de xuño de 2016, pola que acorda non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo, que a continuación se transcribe literalmente:

**“INFORME XURÍDICO SOBRE CONTIDO DA ACCIÓN A EXERCITAR FRONTE Á  
RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE 9 DE XUÑO DE 2016  
POLA QUE SE ACORDA NON TRAMITAR O PROCEDEMENTO DE DESLINDE ENTRE OS  
TERMOS MUNICIPAIS DE SANXENXO E O GROVE.**

**CONCELLO DE SANXENXO  
CUESTIÓN PLANTEXADA:**

O obxecto do presente Informe Xurídico é o de determinar a fundamentación que, a xuízo deste Despacho Profesional debería resultar articulada polo Concello de Sanxenxo en impugnación da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016, pola que se acorda non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove.

**NORMATIVA APPLICABLE:**

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

I.- O régime de recursos que se establece na parte dispositiva da Resolución analizada é o da interposición de recurso de alzada, de conformidade ó establecido no art. 114.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen perxuízo do cal, no entendemento deste Despacho Profesional, ó atoparnos perante un

conflicto entre Administracións Públicas e no cal todas actúan na súa condición de poder público, en termos como os contemplados en xurisprudencia do Tribunal Supremo como a representada entre outras, pola Sentencia de data de 30 de novembro de 2009 (Ponente Ilmo. Sr. D. Enrique Cancer Lalanne (RJ 2010/1858)), ou pola Sentencia de data de 28 de xuño de 2012 (Ponente Ilmo. Sr. D. José Antonio Montero Fernández (RJ 2012/7580)), en puridade, debería considerarse como única forma de impugnación da Resolución que nos ocupa na vía administrativa a da interposición de requerimento de anulación nos termos previstos no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, ó contemplarse no seu apartado 1º, que:

*"1 . En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante , cuando una Administración interponga recurso contencioso - administrativo contra otra , podrá requerirla previamente para que derogue la disposición , anule o revoque el acto , haga cesar o modifique la actuación material , o inicie la actividad a que esté obligada".*

Considerándose que a acción a exercitar debe ser designada como recurso de alzada/requerimiento de anulación e, debendo resultar interposta en todo caso, en garante da seguridade xurídica do Concello, tendo como data límite a do 15 de xullo de 2016, de modo tal que se efectuaría tanto dentro do prazo de 1 mes do art. 115.1 da Lei 30/1992, e co cal tamén se cumpliría o prazo establecido no art. 44.2 da Lei 29/1998, ó determinar prazo de 2 meses, por ter sido notificada a Resolución impugnada en data de 15 de xuño de 2016.

**II.-** Os fundamentos sobre o que se entende debería resultar motivado tal recurso de alzada/requerimiento de anulación serían:

- a) Nulidade de pleno dereito da Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016 por vulneración do procedemento a seguir para a resolución de expediente de deslinde de termos municipais, ó non resultar de aplicación as previsións do art. 6.2 do Real Decreto 3426/2000, do 15 de decembro, polo que se regula o procedemento de deslinde de termos municipais pertencentes a distintas Comunidades Autónomas, e terse omitido a tramitación establecida no art. 44 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, non tendo sido solicitado emisión de Informe ó Instituto Xeográfico Nacional nos termos legalmente requeridos, nin Informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial, nin da Deputación Provincial nin ditame do Consello Consultivo.
- b) Incompetencia da Dirección Xeral de Administración Local para a decisión relativa á finalización do expediente de deslinde incoado, determinante da nulidade de pleno dereito da Resolución de data de 9 de xuño de 2016, por ser o órgano competente o Consello da Xunta de Galicia, de conformidade ó establecido no 44.3 e art. 41.1 da Lei 5/1997.
- c) Nulidade de pleno dereito da Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016 por concorrencia dos requisitos establecidos no art. 43 da Lei 5/1997 para o desenvolvemento de novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove en atención ó vicio procedemental existente na Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959 aprobatoria do deslinde entre o termo municipal de Sanxenxo e o de O Grove, a consecuencia do feito de terse partido en dito deslinde como documentos de referencia de deslindes non consentidos polo Concello de Sanxenxo e, tendo sido aportada documentación histórica na que se reflictan debidamente tales límites.

Téndose achegado por este Despacho profesional a ese Concello escrito de recurso de alzada/requerimiento de anulación no que se desenvolven os precitados argumentos para análise en Comisión Informativa e aprobación Plenaria.

Resultando emitido o presente Informe Xurídico segundo o leal saber e entender de quenes o subsciben e, sen perxuizo doutros fundados en mellor dereito, En Vigo, a 7 de xullo de 2016.””

O Pleno da Corporación require a anulación da resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 09 de xuño de 2016, pola que acorda non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove co seguinte texto literal:

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** En data de 26 de xaneiro de 2015, o Pleno deste Concello adopta Acordo de incoación de expediente para a realización de novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove, así como de designación dos membros integrantes da Comisión Municipal de deslinde.

Resultando remitida comunicación a este respecto ó Concello de O Grove, instando deste o nomeamento de Comisión Municipal de deslinde e convocándoo para comparecencia para acto de deslindamento de ambos termos municipais.

**Segundo.-** Non existindo conformidade entre as Comisións Municipais de deslinde con respecto da liña límite xurisdiccional entre ditos termos municipais, este Concello procedería a remitir á Dirección Xeral de Administración Local Acta de deslinde levantada pola Comisión Municipal de deslinde, solicitando a incoación de expediente de novo deslinde entre este termo municipal e do de O Grove.

Obrando na exposición de antecedentes fácticos da Resolución obxecto do presente recurso terse remitido por dita Dirección Xeral ó Instituto Xeográfico Nacional a documentación remitida por ambos Concellos, así como requerido ó Concello de O Grove a remisión de copia da Sentencia ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo en data de 17 de novembro de 1961 (non en data de 11 de novembro de 1969, como se refire na Resolución obxecto da presente impugnación) no seo do recurso contencioso-administrativo nº 2389 interposto por este Concello fronte á Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, sobre aprobación da liña límite xurisdiccional entre os termos municipais dos Concellos de Sanxenxo e O Grove.

**Terceiro.-** En data de 9 de xuño de 2016, o Director Xeral de Administración Local acorda non tramitar o procedemento de deslinde que nos ocupa, accionándose por este Concello fronte a dita Resolución na lexítima defensa dos seus dereitos e intereses, ó considerala desconforme a derecho.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Acción exercitada, competencia, lexitimación e prazo.**

O réxime de recursos que se establece na parte dispositiva da Resolución impugnada é o da interposición de recurso de alzada, de conformidade ó establecido no art. 114.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das

Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen perxuizo do cal, no entendemento desta parte, ó atoparnos perante un conflicto entre Administracións Públicas e no cal todas actúan na súa condición de poder público, en termos como os contemplados en xurisprudencia do Tribunal Supremo como a representada entre outras, pola Sentencia de data de 30 de novembro de 2009 (Ponente Ilmo. Sr. D. Enrique Cancer Lalanne (RJ 2010/1858)), ou pola Sentencia de data de 28 de xuño de 2012 (Ponente Ilmo. Sr. D. José Antonio Montero Fernández (RJ 2012/7580)), en puridade, debería considerarse como única forma de impugnación da Resolución que nos ocupa na vía administrativa a da interposición de requerimento de anulación nos termos previstos no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, ó contemplarse no seu apartado 1º, que:

***“1 . En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante , cuando una Administración interponga recurso contencioso - administrativo contra otra , podrá requerirla previamente para que derogue la disposición , anule o revoque el acto , haga cesar o modifique la actuación material , o inicie la actividad a que esté obligada”.***

A competencia para o coñecemento do presente requerimiento de anulación corresponde á Administración á que nos diriximos nos termos que se derivan do art. 114.1 da Lei 30/1992 e art. 44.1 da Lei 29/1998.

Resultando lexitimado este Concello para a súa formulación nos termos que se derivan do art. 5 da Lei 7/1985 e, tendo sido adoptado Acordo Plenario con respecto do seu exercizo nos termos contemplados no art. 22.2.j) de dito texto legal e art. 64.2.l) da Lei 5/1997.

Resultando interposto en debido termo o presente requerimiento de anulación, tal e como se deriva das previsións do art. 115.1 da Lei 30/1992, no que se refire prazo de 1 mes e do art. 44.2 da Lei 29/1998, ó determinar prazo de 2 meses, por ter sido notificada a Resolución impugnada en data de 15 de xuño de 2016.

## **II.- Nulidade de pleno dereito da Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016 por vulneración do procedemento a seguir para a resolución de expediente de deslinde de termos municipais.**

Tal e como se contempla na Resolución impugnada, a tramitación seguida por parte da Dirección Xeral de Administración Local desa Consellería, unha vez incoado expediente de deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove a instancia deste Concello, ten consistido na remisión da documentación aportada por ditos Concellos ó Instituto Xeográfico Nacional “ós efectos de determinar se a delimitación entre ambos termos municipais estaba fixada de forma oficial e definitiva”, sendo o determinado por dito Organismo que “A nuestro juicio, y según la referida documentación obrante en el IGN, el deslinde de los términos municipales de Sanxenxo y O Grove ya fue efectuado en 1959 y quedó formalmente establecido con la salvedad de que este Instituto desconoce el sentido de la sentencia del Tribunal Supremo que viniera a resolver el recurso al que se refieren las alegaciones del Ayuntamiento de Sanxenxo”.

Tras o cal, se requiría, curiosamente ó Concello de O Grove, cando o municipio que solicitou a incoación do expediente que nos ocupa, sería este Concello de Sanxenxo, a remisión de copia da precitada Sentencia ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo en data de 17 de novembro de 1961, que na súa parte dispositiva, determina:

*“Que desestimando las alegaciones de nulidad y caducidad del recurrente y del tercero, respectivamente, y entrando a resolver sobre el fondo del asunto, debemos confirmar la Orden del Ministerio de a Gobernación de treinta y uno de julio de mil novecientos cincuenta y nueve sobre aprobación del límite jurisdiccional entre los municipios de El Grove y Sangenjo por estar extendidas conforme a derecho; sin hacer expresa imposición de costas”.*

Sendo o seguinte trámite desenvolto en dito procedemento o do ditame da Resolución obxecto de impugnación, a medio da cal se acorda *“non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais do Grove e de Sanxenxo”*, con remisión como fundamentación, en primeiro lugar, ás previsións do art. 6.2 do Real Decreto 3426/2000, do 15 de decembro, polo que se regula o procedemento de deslinde de termos municipais pertencentes a distintas Comunidades Autónomas, no cal se contempla:

*“2. La Dirección General para la Administración Local, dentro de los diez días siguientes, remitirá copia de la documentación al Instituto Geográfico Nacional para que emita informe en el plazo de quince días sobre si están delimitados los términos de los respectivos municipios. Si el informe indicase que tal delimitación ya se ha efectuado y está formalmente aprobada por cualquier procedimiento legal, la Dirección General para la Administración Local, sin más trámite, acordará el archivo del expediente, notificándolo a los Ayuntamientos afectados, salvo los supuestos excepcionales previstos en el apartado primero del artículo 7”.*

Interesando sinalar, resultar o ámbito de aplicación de dita norma, tal e como se deriva do seu art. 1, a:

*“Los procedimientos establecidos en el presente Real Decreto serán de aplicación a los deslindes de términos municipales pertenecientes a diferentes Comunidades Autónomas, en cuanto a la línea intercomunitaria que les es común”.*

E, polo tanto, non a deslindes entre termos municipais dunha mesma Comunidade Autónoma como o que nos ocupa, os cales teñen a súa propia regulación no Capítulo II do Título I do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais e, na nosa Comunidade Autónoma, na Sección 2ª do Capítulo I do Título I da Lei 5/1997.

Ó cal engadir, que, en todo caso, as previsións que no precepto supra transcrita se contemplan con respecto do arquivo do expediente no caso de que o Instituto Xeográfico Nacional determina ter sido efectuada tal delimitación intercomunitaria con

anterioridade, ó son “salvo los supuestos excepcionales previstos en el apartado primero del artículo 7”, sendo o contemplado en dito precepto:

*“1. Cuando los Ayuntamientos interesados estén conformes con los límites existentes en la actualidad, o que se fijen en el futuro, cualquiera que sea la fecha de las actas en que hubieran quedado establecidos, no procederá nueva fijación, salvo casos excepcionales, en que documentalmente se justifiquen de forma fehaciente errores materiales o vicios del procedimiento en la delimitación”.*

Fundaméntandose precisamente en tal existencia de vicio procedemental na tramitación do procedemento de deslinde que finalizaría coa aprobación da Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, sobre aprobación da liña límite xurisdiccional entre os termos municipais dos Concellos de Sanxenxo e O Grove a solicitude de iniciación de deslinde formulada por este Concello, e non, como se determina na Resolución impugnada, sobre a base de erro material (resultando obxecto de análise a fundamentación substantiva de dita solicitude no fundamento xurídico IV do presente recurso de alzada/requerimento de anulación).

En consecuencia, aínda resultando evidente a inaplicación das previsións do Real Decreto 3426/2000 ó expediente que nos ocupa, as previsións do seu art. 6.2 e art. 7.1 anteriormente transcritos, determinarían a inviabilidade de poder derivar de Informe emitido polo Instituto Xeográfico Nacional como o que se transcribe parcialmente na Resolución impugnada o arquivo do expediente, ó resultar éste fundamentado en xustificado vicio procedemental (non en erro material como se refire en dita Resolución), derivando en que o Informe a emitir por parte do Instituto Xeográfico Nacional conte co alcance que seguidamente se referirá (non limitándose de modo exclusivo con respecto da manifestación da existencia de deslinde firme).

Resultando o procedemento que se debería ter seguido en todo caso, o previsto no art. 44 da Lei 5/1997, no que se determina:

*“1. Cuando existiesen divergencias entre los ayuntamientos implicados, en cuanto a la manera de apreciar el sitio por donde deba pasar la línea divisoria o en el que deban colocarse hitos o mojones, cada comisión levantará acta por separado. En ella se harán constar todos los datos, antecedentes y detalles que se estimen precisos para justificar su apreciación. Con esta actuación se darán por finalizadas las actuaciones previas.*

*2. Las alcaldías respectivas remitirán las actas, con todos los demás antecedentes, a la Consellería competente en materia de régimen local, que enviará dicho expediente al Instituto Geográfico Nacional para que éste designe técnico o técnicos que deban personarse sobre el terreno en unión de las comisiones señaladas y de un representante de esta Consellería, a fin de llevar a cabo, a la vista y de conformidad con los documentos aportados, el deslinde de los términos municipales, estableciendo su demarcación definitiva y los puntos donde deben situarse los correspondientes mojones.*

**3. Recibido el informe del Instituto Geográfico Nacional, se remitirá el expediente a informe de la Comisión Gallega de Delimitación Territorial y de la Diputación Provincial respectiva, y será resuelto por el Consello de la Xunta de Galicia, a propuesta del conselleiro competente en materia de régimen local, previo dictamen del Consejo Consultivo de Galicia”.**

Resultando análogas as previsións do art. 18 do Real Decreto 1690/1986, ó contemplar:

*“1. Cuando existan divergencias entre los Ayuntamientos respectivos en cuanto a la manera de apreciar el sitio por donde debe pasar la línea divisoria o en el que hayan de colocarse los hitos o mojones, cada Comisión levantará acta por separado, en la que hará constar todos los datos, antecedentes y detalles que estime necesarios para justificar su apreciación y, con esto, se dará por terminado el acto.*

*2. Las Alcaldías respectivas remitirán las actas, con los demás antecedentes, a la Comunidad Autónoma correspondiente, quien enviará el expediente al Instituto Geográfico Nacional para que designe el Ingeniero o Ingenieros que deban personarse sobre el terreno en unión de las antedichas Comisiones, a fin de llevar a cabo, en vista y de conformidad con los documentos indicados, el deslinde de los términos municipales correspondientes”.*

Así como as do seu art. 24, no que se refire:

*“Las cuestiones que se susciten entre municipios sobre el deslinde de sus términos municipales serán resueltas por la correspondiente Comunidad Autónoma, previo informe del Instituto Geográfico Nacional y dictamen del Consejo de Estado o del órgano consultivo superior del Consejo de Gobierno de aquélla, si existiera”.*

Resultando esixida, en consecuencia, a emisión de Informe por parte do Instituto Xeográfico Nacional con respecto da concreta delimitación no terreo do límite dos termos municipais de que se trate, partindo das propostas efectuadas polas Comisións de deslinde (e, non simplemente Informe relativo á existencia de deslindes anteriores nos termos solicitados pola Dirección Xeral de Administración Local no seo do expediente que nos ocupa), tras o cal o expediente debe ser sometido a informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial e da Deputación Provincial que corresponda, tras o cal se debe recabar o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Polo cal, en modo algúin pode procederse, nos termos efectuados por parte da Dirección Xeral de Administración Local á decisión final con respecto do expediente de deslinde que nos ocupa, ténense omitido a totalidade da tramitación procedemental esixida legalmente, na cal se contempla a emisión de Informes por diversos órganos que resultan de carácter precetivo; o cal deriva nun palmario vicio de nulidade de pleno dereito de conformidade ó establecido no art. 62.1.e) da Lei 30/1992.

Téndose pronunciado a este respecto a xurisprudencia en termos como os contemplados pola Sentencia do Tribunal Supremo de data de 18 de maio de 1987 (Ponente Excmo. Sr. D. Antonio Bruguera Manté (RJ 1987/5525)) na que se sinala que:

*“Una muy reiterada jurisprudencia de este Tribunal tiene establecida la doctrina de que al tenor de lo preceptuado en el artículo 53.5 en relación con el 48.2 de la Ley de Procedimiento Administrativo ( RCL 1958\1259, 1469, 1504; RCL 1959\585 y NDL 24708), la omisión de un informe preceptivo, por su naturaleza de trámite esencial que incluso afecta al Orden Público, determina la anulación del procedimiento administrativo y su reposición al momento oportuno para que pueda suplirse la falta emitiendo el informe - Sentencias de esta Sala de 30 de abril de 1984 ( RJ 1984\4590), 29 de septiembre, 5 octubre, 12 y 17 de noviembre de 1981 ( RJ 1981\3854, RJ 1981\4062, RJ 1981\5060 y RJ 1981\5151), 31 de diciembre de 1980 ( RJ 1980\4659), 26 de mayo de 1977 ( RJ 1977\3326), 17 de mayo de 1973 ( RJ 1973\2573) y 14 de noviembre de 1969 ( RJ 1969\5366) entre otras-; por lo que estando en el presente caso plenamente acreditado e incluso reconocido expresamente en la misma Resolución recurrida, que no se recabó para esta obra el repetido informe preceptivo al Consejo General del País Vasco, requisito procedural insubsanable conforme al artículo 53.5 de la Ley de Procedimiento Administrativo, procederá estimar desde luego el presente recurso jurisdiccional, anular los Acuerdos del Consejo de Ministros impugnados y ordenar que se reponga el expediente administrativo al trámite omitido”.*

Así como a de data de 25 de febreiro de 1981 (Ponente Excmo. Sr. D. Enrique Medina Balmaseda (RJ 1981/687)), na que se expón:

*“la omisión de tal informe preceptivo ocasiona la anulabilidad del procedimiento, al privarse al acto de su requisito formal indispensable para alcanzar su fin, sometido como está a lo previsto en los arts. 84, 85, 53 núm. 5 y 48 núm. 2, de la Ley de Procedimiento Administrativo ( RCL 1958\1258, 1469, 1504; RCL 1959\585 y NDL 24708), debiendo por ello retrotraerse lo actuado al momento de la prestación del omitido informe, a fin de que a su vista pueda dictarse la resolución que proceda, la cual dará lugar a un nuevo acto administrativo susceptible también del correspondiente recurso jurisdiccional”.*

Ou a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana de data de 30 de outubro de 1996 (Ponente Ilmo. Sr. D. Enrique de Miguel Canuto (RJCA 1996/2354)), na que se determina:

*“Por todo ello, y en cuanto se ha prescindido de un trámite esencial, según reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo, la Administración ha incurrido en nulidad de pleno derecho por falta de seguimiento del procedimiento legalmente establecido [art. 62.1, e) de la LRJ-PAC de 1992 ( RCL 1992\2512, 2775 y RCL 1993\246)], debiendo retrotraerse las actuaciones administrativas al momento en que debió oírse al Consejo de Estado, conforme al art. 22 núm. 9 de su Ley Orgánica, para que su Comisión Permanente emita el dictamen correspondiente”.*

### **III.- Incompetencia da Dirección Xeral de Administración Local para a decisión relativa á finalización do expediente de deslinde incoado determinante da nulidade de pleno dereito da Resolución de data de 9 de xuño de 2016.**

A medio da Resolución obxecto de impugnación, tras a anteriormente analizada remisión ás previsións do Real Decreto 3426/2000 e análise da interpretación do alcance dos erros materiais a que se refire o art. 43 da Lei 5/1997, cando, tal e como se sinalou e, como seguidamente se desenvolverá, a solicitude deste Concello se vencella á existencia de vicio procedemental no expediente de deslinde rematado por Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, en atención ó feito de terse partido como documentos de referencia de deslindes non consentidos polo Concello de Sanxenxo, a Dirección Xeral de Administración Local acorda “*non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo*”, adoptando, en consecuencia, Resolución finalizadora do expediente de deslinde de termos municipais incoado a solicitude deste Concello, con absoluta omisión do procedemento legalmente establecido e arrogándose competencias que non lle corresponden.

Sendo claras as previsións do art. 20.3.n) do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estructura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ó determinar:

**“3. En particular, son competencias de la Dirección General de Administración Local:**

**n) La tramitación de los expedientes de alteración y deslinde de términos municipales; la tramitación de los expedientes sujetos a intervención autonómica en materia de patrimonio de las entidades locales y la tramitación de los expedientes de solicitud de disolución de los órganos de las corporaciones locales y de consultas populares en asuntos de competencia municipal”.**

Atribuindo, polo tanto, de modo exclusivo, competencias para a tramitación dos expedientes de deslinde pero non para a súa resolución, tal e como resulta lóxico ó ser o competente a tal respecto o Consello da Xunta de Galicia, tal e como se deriva das previsións do art. 44.3 da Lei 5/1997, no que se refire:

**“3. Recibido el informe del Instituto Geográfico Nacional, se remitirá el expediente a informe de la Comisión Gallega de Delimitación Territorial y de la Diputación Provincial respectiva, y será resuelto por el Consello de la Xunta de Galicia, a propuesta del conselleiro competente en materia de régimen local, previo dictamen del Consejo Consultivo de Galicia”.**

E art. 41.1 de dito texto legal, ó sinalar:

**“1. Los conflictos que puedan plantearse entre municipios en relación con la demarcación y deslinde de sus términos serán resueltos por el Consello de la Xunta de Galicia, a propuesta del conselleiro competente en materia de régimen local y previo informe de la Comisión Gallega de Delimitación Territorial”.**

Sendo claras a este respecto as previsións do art. 12.1 da Lei 30/1992, no que se manifesta:

**"1 . La competencia es irrenunciable y se ejercerá precisamente por los órganos administrativos que la tengan atribuida como propia , salvo los casos de delegación o avocación , cuando se efectúen en los términos previstos en ésta u otras leyes".**

Resultando outra manifestación da nulidade de pleno dereito que vicia a Resolución obxecto do presente recurso de alzada/requerimento de anulación, por ter sido adoptada por órgano manifestamente incompetente pola materia, nos termos que se derivan do art. 62.1.b) da Lei 30/1992.

Tal e como se reflicte en xurisprudencia como a representada, entre outras pola Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de data de 3 de febreiro de 2003 (Ponente Ilmo. Sr. D. Rafael Toledano Cantero (JUR 2003/121971)), na que se sinala:

*"Estimamos el recurso de apelación interpuesto por la representación procesal de la entidad mercantil ZANAKU S.L. contra la sentencia número 199/2002, de 3 de julio, dictada en el recurso contencioso-administrativo número 457/2001 del Juzgado de lo Contencioso- administrativo número dos de Granada, por la que se declara inadmisible el recurso contencioso- administrativo, revocando dicha sentencia. Estimamos parcialmente el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la entidad mercantil ZANAKU S.L. contra la resolución del Jefe de la Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social de Granada, de fecha 4 de septiembre de 2001, por la que se comunica a la entidad mercantil Zanaku S.L. la improcedencia de la revisión solicitada por la misma el 3 de agosto de 2001 respecto a la resolución sancionadora de 20 de diciembre de 2000 dictada por dicho órgano en el expediente 2000/I20001068 Extranjeros de los tramitados por esa dependencia, por la que se impuso sanción de multa de 500.100 ptas a la entidad mercantil Zanaku S.L. por infracción a la ley de Infracciones y Sanciones en el Orden social. Declaramos nula de pleno derecho la resolución del Jefe de la Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social de Granada, de fecha 4 de septiembre de 2001, por la que se comunica a la entidad mercantil Zanaku S.L. la improcedencia de la revisión solicitada por la misma el 3 de agosto de 2001, y ordenamos a dicho órgano la elevación de la solicitud al órgano administrativo competente para resolver sobre la misma".*

Ou a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de data de 26 de xullo de 2006 (Ponente Ilma. Sra. Dna. Inés Huerta Garicano (RJCA 2007\374)), na que se contempla:

*"El actor formuló en sede administrativa una reclamación de responsabilidad patrimonial -con independencia y al margen de su prosperidad- por inactividad de la Administración en orden al mandato de desarrollo reglamentario, en el plazo de seis meses, establecido en la Adicional Decimoctava de la Ley 55/99, cuya resolución correspondía -«ex» art. 142.2 de*

*la Ley 30/92 (RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246) -al titular del Departamento ministerial al que dirigió la reclamación, o, en su caso, al Consejo de Ministros, correspondiendo al Departamento ante el que se presentó la reclamación remitirlo al órgano competente. En el caso de autos, fue la Subdirección General de Recursos del MTAS (confirmada su decisión por la Secretaría General Técnica) la que, en definitiva, desestimó esa reclamación - con una profusa argumentación al resolver la alzada-, incurriendo en **manifesta incompetencia objetiva, además de funcional, no subsanada en la alzada, por lo que concurre la causa de nulidad de pleno derecho de las Resoluciones recurridas establecida en el art. 62.1.b) de la Ley 30/92, y, sin entrar en el fondo del recurso, procede declarar su nulidad de pleno derecho, con retroacción de actuaciones para que, previa la instrucción del oportuno expediente, sea resuelto por órgano competente**".*

#### **IV.- Nulidade de pleno dereito da Resolución impugnada por concorrencia dos requisitos establecidos no art. 43 da Lei 5/1997 para o desenvolvemento de novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove.**

Sen perxuízo de que, en atención ó exposto nos anteriores fundamentos xurídicos, debera derivarse, en estimación do presente recurso, a declaración da nulidade de pleno dereito da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016, polos mencionados vicios de tramitación procedemental e incompetencia material, ó resultar incorporada en dita Resolución argumentación relativa á invariabilidade dos deslindes de termos municipais e considerar desconforme a dereito a solicitude efectuada por este Concello en atención a que “*basea a petición de revisión na interpretación dos feitos materiais, en concreto a situación dun determinado fito físico*”, transcribindo unha Sentencia relativa á aplicación do erro material en relación con deslindes de termos municipais aprobados, debe porse de manifesto a incorrección do encaixe efectuado por parte de dita Dirección Xeral da solicitude formulada por este Concello nos supostos nos que se pode proceder a nova delimitación dos límites xurisdiccionais entre municipios de conformidade ó establecido no art. 43 da Lei 5/1997 (sendo idénticas as previsións do art. 19 do Real Decreto 1690/1986), no que se prevé:

**“Cuando los ayuntamientos interesados estén conformes con los límites existentes en la actualidad no procederá nueva fijación, salvo en los casos excepcionales en que documentalmente se justifiquen errores materiales o vicios de procedimiento en la delimitación anterior”.**

Por non ser o defendido, como se pretende na Resolución impugnada, a existencia de erro material no deslinde aprobado por Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, se non, pola contra, de vicio de procedemento a consecuencia do feito de terse partido en dito deslinde como documentos de referencia de deslindes non consentidos polo Concello de Sanxenxo e, tendo sido aportada documentación histórica na que se reflicten debidamente tales límites.

Resultando clara a este respecto xurisprudencia do Tribunal Supremo como a representada, entre outras, por Sentencia de data de 9 de decembro de 2013 (Ponente

Ilmo. Sr. D. José Manuel Bandrés Sánchez Cruzat (RJ 2014/237)), na que se determina que:

*“(...) ante la inexistencia de documentos comprensivos de deslindes anteriores practicados de conformidad con los municipios, debió tener en cuenta aquellos otros documentos que, aún no siendo de deslindes, expresan de modo preciso la situación de los terrenos litigiosos que sean reveladores del ejercicio de actos de jurisdicción o de potestad administrativa por alguno de los Ayuntamientos concernidos, o, en su defecto, aquellos documentos sobre las fincas o heredades que se encuentran enclavadas en dichos terrenos y demás pruebas que contribuyan a formar juicio sobre la cuestión planteada”.*

Ou na Sentencia de data de 1 de xullo de 2008 (Ponente Ilmo. Sr. D. José Manuel Bandrés Sánchez Cruzat (RJ 2008/3402)), ó referir que:

*“a los efectos de acordar el deslinde de los términos municipales de Somiedo (Asturias) y Cabrillanes (León) en el tramo comprendido entre los mojones 4 al 8, al apreciar el valor determinante en la resolución del conflicto jurisdiccional de la Real Ejecutoria de 1788, en la medida en que reconoce que se trata del deslinde anterior más antiguo practicado de conformidad con los municipios afectados, lo que promueve que no deba tenerse en cuenta ni el Acta de delimitación interprovincial entre Asturias y León de 18 de julio de 1883, por ser posterior y no haberse celebrado con avenencia de los Ayuntamientos interesados, al no comparecer la parte de León, ni el Acuerdo de la Diputación de Oviedo de 11 de octubre de 1878, la Real Orden de 23 de diciembre de 1881 y la Real Orden de 21 de noviembre de 1882, por no ser propiamente actos de deslinde (...).*

*“para resolver los expedientes de deslinde, ha de basarse, en primer lugar, en lo que resulte de deslindes anteriores practicados de conformidad con los municipios interesados y sólo a falta de documentos expresivos de deslindes anteriores, deberán tenerse en cuenta aquellos otros documentos que, aun no siendo de deslinde, indiquen o reflejen de modo preciso la situación de los terrenos en cuestión, así como por último, los que se refieran a fincas o heredades que se encuentren enclavadas en el terreno litigioso y las demás pruebas que contribuyan a formar juicio sobre la cuestión planteada y de los que pueda deducirse con certeza a cuál de las partes favorece la posesión de hecho (...).*

“La [Sentencia del Tribunal Supremo de 8 de abril de 1967 \(RJ 1967, 1941\)](#) dice expresivamente, al respecto, “que las Reales Ordenes de 11 de mayo de 1898 y 4 de enero de 1906 habían reconocido ya que era jurisprudencia constante que los deslindes consignados en un documento público no pueden modificarse por un nuevo deslinde que carecería de finalidad y que no pueden suscitarse cuestiones sobre límites jurisdiccionales en pueblos limítrofes cuando dichos límites hayan sido fijados y reconocidos de común acuerdo entre los representantes de los pueblos interesados, lo que reiteraron las Sentencias del Tribunal Supremo de 26 de abril, 30 de mayo y 13 de diciembre

*de 1930 y de 7 de marzo de 1932 ", estableciendo la doctrina de que, en materia de deslindes de términos municipales, hay que estar "en primer término a la línea que resulta de deslindes anteriores consentidos por los Ayuntamientos interesados", añadiendo que "los acuerdos administrativos firmes no caducan por el transcurso del tiempo".*

Partíndose por este Concello da precitada xurisprudencia na que se sinala a obrigatoriedade de seguir as previsões dos deslindes anteriormente desenvoltos (neste caso os reflectidos en Acta de 31 de outubro de 1889 e Acta do 23 de xuño de 1928), sempre e cando resultasen consentidos por ambas partes, o cal non acontece no suposto no que nos atopamos, ó non terse prestado consentimento por parte do Concello de Sanxenxo a tales deslindes do que se deriva a concorrenza dun vicio procedural no citado expediente de deslinde rematado por Resolución do Ministerio da Gobernación de data de 31 de xullo de 1959, en atención ó feito de terse partido como documentos de referencia de deslindes non consentidos polo Concello de Sanxenxo, tendo sido aportado Informe Técnico elaborado por "Lagares OCA, S.L." no que se documenta debidamente o límite histórico entre os Concellos de Sanxenxo e O Grove (nos termos da citada xurisprudencia "*documentos que, aun no siendo de deslinde, indiquen o reflejen de modo preciso la situación de los terrenos en cuestión, así como por último, los que se refieran a fincas o heredades que se encuentren enclavadas en el terreno litigioso*"), do cal se deriva o encaixe da solicitude efectuada por este municipio nun dos supostos que, de conformidade ó establecido no art. 43 da Lei 5/1997 e art. 19 do Real Decreto 1690/1986, en contra do determinado na Resolución impugnada, extremo éste que debe ser debidamente analizado por parte dos organismos informantes referidos no fundamento xurídico II do presente e debidamente resolto polo Consello da Xunta de Galicia, como se contempla no fundamento xurídico III.

Polo exposto,

**O Pleno da Corporación**, tendo por presentado este escrito en debido termo, sírvase en admitilo, tendo por interposto **REQUIRIMIENTO DE ANULACIÓN** da Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016 ditada no seo do expediente DT-2015-02, e, de conformidade ó exposto no seu corpo, proceda á súa estimación, declarando a nulidade de pleno dereito de dita Resolución, como corresponde de conformidade a dereito.””-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as oito horas e cuarenta e catro minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: